

Quenquera que visite este “**Recuncho das argalladas**” non se atopará nun lugar común, normal, senón que estará iniciando unha viaxe, sen volta, pola vida cotiá de antano, non tan chea de présas, en que o onte precedía ao hoxe, este era a véspera de mañá, o antonte estaba aí e o trasantonte non se esquecía. Hoxe en día semella que o trasantonte non existiu, o antonte xa se esqueceu, o onte fica demasiado afastado, o mañá non se sabe se virá e o hoxe percórrese sen nos decatarmos. Présas, apuros, prazos, urxencias marcan a lume o noso decorrer cotián. Non queda tempo nin para soñar, imaxinar, compartir, emocionarse, relacionarse, falar, VIVIR E CONVIVIR en harmonía.

Daquela, como, cando e onde se xoga? Con quen xogamos e a que? Non esquezamos que hai tempo a todo. Os días, coas súas noites, seguen a ter as mesmas vinte e catro horas cos seus sesenta minutos cada unha, desde que se coñece este noso calendario. Remata un día e fica outro á porta.

Neste lugar acharedes o curruncho, o baúl da alegría, da paz, do sosego, da tranquilidade, da nostalxia, da saudade, en fin, da infancia, esa etapa de afectos, agarimos, ledicias, mais tamén de formación e información tan necesaria para sermos o que deberíamos ser, persoas.

Comezaredes bailando ao ritmo das buxainas, peóns, trompos, peonelas e bailaretos. Afinaredes a puntería coas bólas, tirafondas, dardos, arcos e frechas. Escoitaredes a música de trompas, cornos, caracolas, frautas e asubíos. Percorreredes camiños, vereas e carreiros cos andacamiños e carrovoantes. Baixaredes costas con coches e carrilanas. Levaredes boas cargas con carros e camións. Cazaredes, pescaredes, comeredes, beberedes e engalanarédesvos para ir ás festas e romarías. Navegaredes polos ríos e mares en barcos e lanchas ata gozar co son da auga á beira dun muíño, soñando amoríos vixiados pola curuxa. Mergulládevos na natureza lúdica. Goza e desfruta dela e deixa que ela se divirta contigo, neste paseo pola VIDA.